

# A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.  
Coste'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.  
América, Id. 2 »


Pagos adelantados

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Núm. 32

A CRUÑA 30 DE SETEMBRE DE 1917

## MEDITAZÓN LABREGA, POR CASTELAO



FERRER - CORUÑA

CASTELAO

—¡O demo me non leve!... A praza é grande, pro o moimento é ben cativo....  
¡Si tivera que colocárese n'il tod'â familia!

## O VIAXE DE CAMBÓ

Un xornal católico de Lugo contéstalle  
a "El Ideal Gallego"

O viaxe de Cambó por Galicia e as manifestazóns que na Cruña fixo aquíl home púbrico sobor do rexionalismo, deron lugar á comentarios pouco piadosos, un pouco levados do prexuízo anticatalán. E vimos con fonda pena, com'aquelas campañas da prensa liberal e lerrouxista principalmente, fixeron seu efecto, e abriron seu suco en Galicia, pol-o cal ó paso de Cambó, foron frolecendo as prantas do receio.

A despresionabilidade da raza, poidera sere que tivera no suceso, non pequena parte. Mais é lástema qu'a refreición non conseguira dominare a fugás e pasaxeira repulsa que unhos xestos, unhos verbos de máis ou menos dudosa interpretazón, fixeron surxir en moitas xentes.

E lástema é tamén qu'aínda perdura aquíl estado de opinión forxada por unha política que endexamais soupo desfaguerse dos seus enemigos, sinon valéndose d'arma cruel e noxenta de que falou Voltaire. Do xeito qu'a raís da perda das colonias, inventouse o clericalismo pra distraere ó pobo e faguer qu'a furia e a carraxe que contra á fatal política liberal dirixíase, trocara de camiño contra das ordens relixiosas e o crero católico; así, anos máis tarde, cand'ó caciquismo catalán viu ó chan, i-erguéuse puxante unha rexión, inventouse o separatismo, que dígase o que se queira, non ten fondas raíces en Cataluña. E por destoncos, conseguiron aquíl políticos seu propósito d'erguer en contra de Cataluña á maor parte da opinión, por máis qu'aparecían en xuntanza cós catalanistas, entr'outros, o insine patriota Mella na campaña de Solidaridade. E xa se ve com'o rescoldo eisiste e o máis maino ar ergue labarada i-alcende fogo.

¡Como rirían satisfeitos, os caciques e caciquiños de Galicia, ó fitare que nas fias dos seus enemigos, persentouse algo de desconcerto, ó atoparen, sin eles buscal-a, co-un arma que pode sere poderosa nas suas mans, pra se defenderen públicamente cando atacados véxanse, mentras na soma, suas armas d'adoito mañosa e despracabemente manexadas, firen un a un ós loitadores da liberdade galega.

Non é d'agora o programa federal. Homes de difrentes ideas, defenderon n-outro tempo, e arrastraron co-il á masas aínda honradas que deixábanse matar nas barricada, nobremente, como loitaron sempre os peitos españoles.

A nós non parécenos estraño, nin asústanos qu'hoxe vólvese a defendere. Diantes, era baixo un réximen republicano, e xuntado á outros puntos que nós non poderíamos suscribir. Hoxe, variou algo; desenténdense das cuestiós referentes ás formas de goberno, como faise percisamente en canto á defensa da integridade católica o partido católico nazonal.

O qu'acontece é, que cando axítanse os espritos en debates e discusiós, en que deféndense ideas fundamente sentidas, a discusión e o debate poñen quentura nas almas, e os verbos fluen con abondada lixeireza, sin qu'a veces, poidan a malur e a reflexión poñerlles freno. Mais, pra istos casos, xa pensou noso código penal, que si trabucado en algunhos puntos non é unha cousa despreziable, qu'as frases injuriosas deitadas no acaloramento d'unha rifa, non teñen o carater de delito. Nós lembrámonos que, cando o bizkaitarrismo atopábase no seu período álxido da eisaltazón, ós «Gora Euskadi» que daban os nazonalistas bascos, respondíase con «Viva España», e ós vítores á Xaime III dos carlistas, contestaban os bizkaitarras con outros á Alfonso XIII.

Non fai moito, n-iste mesmo vran, un xornal tan pouco sospeitoso como *La Correspondencia Militar*, que co-a millor intención sumouse no 1905 á campaña anticatalana, felicitábase da evoluzón do catalanismo, da descorporazón da ben orientada política catalana á vida española. De Maura, ben conecida é sua opinión respeito do probrema catalán. Todo isto que conseguíase avanzar en varios anos, vaise a perdere agora, estirilizando as enerxías que débense empregare en combatir tanta inxustiza, tanta despiadade, tanto antipatriotismo anárquico e ateo, en combatire á un pobo sedento como nós de xusticia, d'administración honrada, de boa gobernazón?

¡Portugall ¡Portugall ¡Canto darían aquíl grandes reises honra da monarquía e da Iberia, e aquíl grandes políticos da nosa idade d'ouro por reincorporala á croa española. Cicáis pensarán como Cambó, ¡que valore ten o nome d'España si á derradeira terminasen os odios fraticidas, i españoles e portugueses apertáranse como irmáns, n'unha patria común!

J. C.

(Do xornal católico *La Voz de la Verdad*, de Lugo.)

## D'unha "interviú" con Cambó

Ao chegar D. Francisco Cambó a Barcelona fixo unhas decraraciós a *La Veu de Catalunya* das que collemos istes dous trechos.

N'eles refréxase o que o ilustre político pensa de nós e o sentimento patriótico que vive no azo do rexionalismo catalán, alcumado de separatista pol-os parvos e labercos.

—¿Qué impresiós trai vosté do seu viaxe a Galicia?

—Tiven ó chegare a Galicia unha grande e fonda sorpresa. Puiden comprobare qu'alf atópase viva, latexante, a conciencia e a persoalidade galega; convencinme do arraigada i-eistendida qu'está a sua lingua, falada non soio pol-os labregos, sinon nas vilas e cibdades. O elemento inteleitua, tomou a direizón d'un movimento francamente nazonalista, que conta co-a axuda de grandes masas agrarias e da cras media.

Entr'os homes que dirixen o movimento, torpecí con temperamentos políticos de pirmer orden. E ó despedirme d'eles, conviñemos en que tan axiña com'as circunstancias permitan-o, orgaizar unha espedizón a Galicia de nazonalistas bascos e catalás, con ouxeto de lles axudare a intensificala porpaganada.

—¿Cales son suas impresiós do longo viaxe que ven de faguer pol-o Norte d'España?

—Recorrendo as terras do Norte tiven ocasión de falare con homes das mais difrentes sinificaciós políticas, e porcateime de qu'imperaba en todos eles, unha convición unanime e fondonísima; i-e qu'o xeito de política con que veñen gobernando a España, non poden continuare. E ó carón d'estas conviciós, tamén recollín estoutra, ben satisfatoria por certo. a de que confiase e agárdase soamente de Cataluña, a total renovazón da vida pública española.

E isto consólame grandemente, pois endemal até o d'agora, non tiveran nin Cataluña nin seus homes o prestixio d'España, nin espertaran o intrés qu'agora espertan.

\*\*\*\*\*

Alba, caladiñamente, sin berros, conquireu pr'á Universidade de Valladolid a facultá de Filosofía e Letras. Galicia, aínda non tén aquela facultá. Os seus caciques, os caciques de Compostela que tanto poden... en cousas que non deberan podere, n'ista lóxica, percisa, de verdadeira xusticia, amostan ser homes sin influxo.

Na mentras, as provincias bascas van teren tamén unha Universidade. ¿Non folgan comentarios e parolas?

\*\*\*\*\*



## Creación d'unha Irmandade da Fala en Madrí

EN todos estes días algúns amigos nosos téñennos falado de conformidade co a ideia.

—Está ben, nos dicían pouco mais ou menos; hai que mantere o sentimento rexional; hai que cumprir co a obrigación que nos impón a nosa calidá de gallegos.

E' cuáxeque todos espresábanse neste sentido de acutaren a seren irmás de fala como aquel que cumpre un deber.

Os nosos amigos falan como os bos patriotas, e co o pensamento de honraren a Galicia, nosa nai venerada. Pro non se deprecatan de que dalén do sentimento, deste sentimento filial, está a súa propia comenencia.

Cando nos ouvían falar desta maneira, algúns non sabían si daren creto ou non as nosas falas.

—E logo?

E atrás desta interrogación enxebre metían unha pouca d'incredulidade na ollada e no ademán.

Esa preguntuña ten moita razón, xa se ve; pero nosoutros opoñémoslle esta afirmación categórica:

—Non ten duda. Cada home ten o seu modo de falare, e mais cada raza ten a súa fala, a propia, a que se non pode substituíre sin detrimento profundo de súa persoalidá. Coidare da propia fala é eisaltare a persoalidade propia.

Sentada a tesis, compría desarrollala e mais esto foi o que procuramos facere en poucas e craras verbas, resume desta materia, é ispidas, no que se pode, de todo aparello centífico.

A fala de cada raza fai a súa característic especial, denunciadora das condicións que lle son propias. Por maneira que cada lingua, sendo o linguaxe a espresión mais esauta do pensamento de quen o usa, é a espresión mais millor do pensamento dos que a falan. Unha lingua é sempre a demostración de que hai unha cultura onde ela é a espresión mais adoita.

Hai unha grande relación de adautación antre o pensamento e mais a súa espresión pol-o linguaxe. Por esta razón hai moitas cousas (todas las delicadezas do pensar que non poden seren traducidas n'outro idioma.

Esta relación d'adautación antre o pensamento é mais a súa enunciación falada ou esquirta, nótase ben no paralelismo con que se desenvollen os elementos sinificativos mais os elementos rítmicos nos versos ben feitos.

Na adautación do linguaxe ó pensamento xoga tamén un grande papel a Idioloxia (ou tratado dos modismos); porque a Idiolo-

xía toma da Rítmica (ou tratado da ordenación na frase dos elementos sonoros do linguaxe) a metá dos seus: os non sinificativos.

As diferentes falas que hai no mundo non son cousa ociosa: cada unha ten a súa razón de sere. E a súa razón de sere e que cada unha é a espresión mais propia dun carater da cultura humana.

De todo canto vai dito se deducen lóxicamente estes teoremas:

1.º O que millor caracteriza, compreta, individualiza e coró a presoalidade gallega, é a lingua gallega.

2.º A importancia do cultivo das linguas está en que a millora d'unha lingua é a millora da familia que a fala.

Por maneira que o coído que cada un teña da súa fala, non somentes cumpre un fin sentimental, sinon que ainda abrangue unha ventaxa real, material e visibre: a eisaltación da súa persoalidá, e por consecuencia a mellora da súa inteleutualidade.

Unha ouservación vulgare corrobora este apotegma: todo aquel que fala n'unha lingua allea, aparez menos dono de sí que cando fala a súa propia. E moitas veces aparez ridículo. E o caso dos estranxeiros

que chapurreian a mal adeprendida fala da terra onde veñen vivire.

En España temos labregos gallegos, vascongados e catalás, que viven en países de duas línguas. Cando un fato deles fala a súa, da gusto d'ouvilos, e sinte un o nobre orgulo de tere en España razas tan boas, tan fortes, tan intelixentes. Pro cando falan en castellano, ¡canto non baixan! A prenuncia é dificultosa, a elocución vacilante, o conxunto d'unha tateza premiosidá. Non parecen os mesmos que cando falan o seu.

A fala é a espresión mais adoita da inteleutualidade dos pobos que a usan. Esta inteleutualidade non se desarrolla escorreita coma non sexa na súa fala propia. E coma queira que o desarrollo da inteleutualidade dun pobo é o seu traballo, o seu traballo non será nunca escorreito, nin pol-o tanto redentore, mais que cando se faga na lingua propia.

Cando un pobo fala unha lingua alléa, o seu traballo é colonizado e non aporveita ó que o fai, sinon aquen o esprota. En España mesma temos forza de exempros: O traballo de Almería faise en inglés e aporveita a os ingresos antramentres que a provincia vexeta na inopia. Mentres cobra o xornaliño vai comendo; pero o país non ten recursos propios si o xornal lle falta.

AURELIO RIBALTA.

Madrí, Setembro 1917.

### PINTORES D'ALMAS

## LLORENS

Cheiror de terra en lentura  
toda chea de arrecendos;  
verdores de milleirales  
que dan ós nativos eidos  
a santa quietude  
dos santos silencios;  
campos que nas brétemas

trasparentes están envolveitos,  
esfumados alá ó lonxe  
pol-as néboas dos outeiros;  
mar que vai bater nas costas  
e vai morrer preguiceiro  
contr'a barra do Pasaxe,  
co amoroso e cuasque místico desexo  
de ter unha morte doce  
nas doces augas do Mero;  
veigas onde a lus rebulda  
coas espigas do centeo  
e brinca nas copas  
dos castiñeiros,  
pra entrar por entr'o follaxe  
con fíos d'ouro desfeito;  
prados que mesmo parecen  
de seda e de terciopelo...  
non lle abondou con copialos

nos seus lenzos...  
sópolles dar alma  
y-emprestarlle alento,  
pra que así nos falen  
cos meigos falares dos seus asosegos...

Metidos no seu espirto  
leva os paisaxes gallegos,  
como si formasen  
algo de sí mesmo,  
como si os tivese  
gardadiños na ucha do peito.

A groria enxebre dos vales  
de Barcia e de Samoedo  
diulle os primores  
máis escolleitos.

E canto a Nai-Terra garda  
de tranquilo e solermeiro  
tên alma pra él e pra todos  
os que saben velo.

Por eso nos seus paisaxes  
adiviñase a voz dos agros célticos  
que nos falan de Galicia  
cos meigos falares dos seus asosegos...

(Do libro *Terra a miña*, próusimo a publicarse.)

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

## TRIBUNA LIBRE

## IBERIA.... "ESPANHA"

Por AMADOR MONTENEGRO SAAVEDRA

CON verdadeiro pracer lín o traballo do Sr. Calderón, que viu a luz no número de A NOSA TERRA do día dez, e non con menos gusto admirarei os versos do portugués Alfonso López Vieira, quen, dirixíndose a Galicia, con garimosas parolas invtíaa a *deixar a Castela pra ir con Portugal*.

A unión de entrambos países foi dende neno meu máis ardente desexo e dourado sono, por eso, cando o asunto se pón de novo en tea de xuicio, aínda que cuase retirado do xornalismo, non risisto a tentación de coller de novo a enferrollada pruma, máis que pra reñer batalla, pra lembrar cousas vellas e arrenegar de algunhas novas, que nin todo aquilo é malo, nin bon todo esto.

\* \*

Fai xa algúns anos que certa mañá de Agosto un tren especial deixaba nas fermomas praias viguesas e ô pé das ondas cantadas por Codax, máis de mil portugueses, que viñan a visitar á Galicia. Certa comisión formada pra os ricibir e agasallar publicóu unha revista e n-ela aparecéu un traballiño, o único en galego, si non recordo mal, firmado por quen estes ringuilós firma: era unha poesía curta, sin pretensións, que dicía:

«Pasáistel-o Miño, que como barreira  
En vano hoxe queren os homes soster,  
Aquí toparedes da vosa bandeira (1)  
N-a nosa as coores e a fala estranxeira  
N-os vosós ouvidos non ha parecer.

Igoales costumes, idéntica hestorea,  
Os mesmos desexos, igoás aficiós,  
Os nomes grabados na vosa mamorea,  
Tamén nós sostemos, cal prenda de gloria  
Que enlaza os orixes de entrambas naciós.

Mañán e pisando n-o mesmo camiño  
Que agora troixéstes, iremos alá,  
Y-en vez de barreira faremos do Miño  
Un lazo que funda n-un forte cariño  
De entrambas orelas os pobos irmáns.»

Aquel mesmo día puxéronse á venda e despacháronse por miles, unhas postales n-as que figuraban as bandeiras española e portuguesa cruzadas, e debaixo duas poesías, unha de Joao Verde, garimosa, sentimental e delicada; a outra, sin ningunha de estas calidás, por mín asimismo firmada. Vexámol-as.

(1) ¡Xa non! ¿Que terán que ver as cooras co-as ideías?

A de Verde:

«Vendoos assim tão pretinho  
A Galiza e mail-o Miño (2)  
São como dois namorados  
Que o río traz separados

Quasi desde o nascimento.  
Deixal-os, pois, namorar  
Xa que os paes para casar  
Lhes não dão consentimento.»

A miña, agora:

«Si Dios fixo de cote  
Un pra outro e teñen dote  
En terras emparexadas  
Pol-a mesma auga regadas,  
Con ou sin consentimento  
Dos pais, o tempo ha chegar  
En que teñan que pensar  
En facer o casamento.»

Non é tola fantesía nin caste algunha de vanidá a que me fai tragner aquí a lembranza dos meus pobres versos: quero sólo *documentarme*, como agora din, presentar ôs leutores meus modestos pergaminos literarios, pra consiguir o seu perdóu.

\* \*

*Quixen* a nosa unión con Portugal.  
*Quero* a unión de Portugal con nosco.  
Penso morrer *querendo* a unión dos dous países...

Máis e perdoe López Vieira e cantos coma él pensen, non creo necesario nin siqueras comenente que Galicia, *pra se unir a Portugal, teña que separarse de Castela*.  
¡Eso non!

\* \*

A noite do 13 de Decembre de 1909, e pra mín de garimosa lembranza, pois en ela tiven a honra de ler o discurso de entrada na Real Academia Galega, e traio aquí o recordo, porque alí, anque modestamente, toco o punto de que trato aquí. Copiaréi unhos párrafos.

«¡A Patria! ¿Pro teñen patria os gallegos? preguntóume en certa acasión e *con segunda*, un ilustrado fillo da nación veciña.»

«Sí, temos os gallegos patria, por ela sentimos os fillos de iste país forte amor e si queremos que Galicia *volva a ser*, si queremos que volva a *andar* a nosa pasada hestorea, prciso é barrer d'os espritos a duda

(2) Refírese á provincia d'o Miño.

que envolvéu e o desalento que levan á alma as palabras do portugués.»

«Eu, señores, ei valerme de un exemplo pra espresal-o que sobre o importantísimo punto penso e perdonai a forma, moi en uso nos nosos campos.»

«Teño, señores, unha casiña, modesta, probe, quizaves; máis... é miña e quéroa como ás miniñas dos meus ollos, como á mesma vida.»

«Máis o dito non priva pra que dentro da miña casa teña un currunchiño que eu quero sobre todos.»

«Nosa casa e España, Galicia o currunchiño que máis queremos ¡ha de estrañar a naide que o mostremos así, sempre e en todas partes, que precuremos *adornal-a* con cantos adornos poidan outras rexiós adornarse, que con cariño a nomeemos, que por ela morramos, lonxe, de saudades?»

«Quizaves unindo solo o meu currunchiño a casa do veciño, faría unha boa finca e a cousa non tiña dificultás, que eu ven sei que o viciño, meu irmán, tamén o desexa; máis ¡a que ambiciós que quizaves non se apañan ben co-a filicidade? ¿A que meternos en obras pra as que acaso non estamos preparados? Outro é, quizaves, o distino do meu carto: *sin tapiar a porta que une ô resto da casa, ben pode abrirse outra pra do viciño y-estonceas...*»

\* \*

Ceda como cedéu en mín, o entusiasmo á refreusión, o curazón á cabeza. A hestorea dinos que, contra o que parez desexo xeneral, os pobos teñen que facérense fortes si queren ser respetados e vivir.

Dín que chegóu (algo tarde, por certo), o tempo de ridimir os pobos debres e que por ridimil-os se arman os fortes, bótanse uns ôs outros, pelexan e desfanse.

¡Mintira!

De esa loita quizaves son os pobos debres o *cebo* e seguramente que *a paga* han ser. Si alquen o negase, sobra solo algunhas follas da hestorea contemporánea e cheas de lama e sangue atoparíais, seguramente; que os nomes de Madagascar, Exito, Trasvaal, Oranxe, Arxel, Haway... Filipinas e Porto Rico non me deixarán mintir.

Non, non sonou aínda a hora de ridimir ôs pobos debres *no respeto á lei e á xusticia*, e si aqueles conecen seus intreses, *xuntándose* deben *sumar forzas*, non escoitando un instante as sirenas proteutoras que, como os cocodilos da fabula, fan que choran pra



engañar, despedazando ós coitados que enganar se deixan.

Nada sacaría Galicia separándose de Castela (e quén di de Castela, dfo d'o resto da Nación), pra se unir a Portugal. Pobre é nosa irmán do centro, non foi pra nós boa, certamente; máis... é nosa irmá e non-a debemos abandonar á hora do arrepentemento e cando unha parte das suas culpas poden e deben, en xusticia, cargárense a desleigados fillos de este país.

*Bón mozo é o galán e sabe falar ô curazón;* máis necesita poñer en orden as cousas de sua casa e desprenderse da influencia de comadres que lle tran revolta a cabeza e lle valeiran a bolsa.

Veña, veña a nós Portugal, forme con España rexionalista, unha federación de po-

bos libres, deixe de mirar con malos ollos a quén sempre con bôs o mirou e a hestorea será nosa, volvendo a pesar nos distintos do mundo Iberia, España, como quer o portugués Martins.

Mentras os que domearnos queren, *degoirándonos por nos ridimir* xúntanse, alfanse e fedéranse, nós vivimos separados, erguendo barreiras sin xeito e dando gusto ós que así vernos queren.

\* \* \*

Escoitade o que din as augas do Douro e o Taxo: ¡roxen!... ¡¡brúan!... ¡¡¡protestan!!!

Ouvide as do Miño: ¡marmulan!... ¡¡xémen!... ¡¡¡choran, quezaves!!!

Raposeira (Vigo), Setembro de 1917.

## VILLALBA E CAMBÓ

CAMBÓ, cando chegou á Cruña, falóunos con fondo entusiasmo da formosa vila de Villalba. Díxonos que había alí unha xuventude chea d'amore á Galicia; unha xuventude intelixente, baril, enxebre. Ista xuventude pol-a manifestación espontánea que lle fixo, cando se decatou de que o

ilustre *leader* do rexionalismo catalán atopábase alí, prodúxolle unha inequiescente emoción.

Agora n'unhas decraracións que publica sobor do seu viaxe pol-a nosa terra na *Veu de Catalunya*, dí: «Como detalle intresante é o caso que pasou en Villalba (Lugo). Por caosa d'unha *panne* tivemos que deternos n'aquela vila. Inda non pasara unha hora dend'a nosa chegada, cando un fato grande

de rapaces vilalbeses veu a saudarnos con fondos xeitos de ledicia, dicíndonos que eles sintíanse tamén por riba de todo, nacionalistas.»

Xa sabédelo rapaces vilalbeses: Cambó leva no seu corazón a lembranza vosa. Dend'agora, coma nunca, estades na obriga de traballare con fé pol-a caosa santa da redención galega, axudando co-a y-alma e a vida ás «Irmandades da Fala» na labore outa e ruda que van a emprendere.

Villalba, xunto con Monforte, outro pobo onde a cidadanía ten latexos nos corazóns da xuventude, pode sere o punto d'apoio pra conseguire abalar o morto esprito de Lugo e das máis vilas d'aquela provincia. Que boa falla fai. ¡Temos fé en vosco, vilalbeses!

As Diputacións provinciáes vascas pidiron ô Goberno a autonomía dos Municipios de aquela nobre rexión. E a Diputación da Cruña, ¿qué pensa do caso? ¿Qué ten de pensar!... Págalle a sua xubilación ô «reformado» Picorete, e ¿pra qué máis pensamentos, que ô mellor levántalle dôr ás testas pouco afeitadas telos?

## QUE NOS OYAN OS XORDOS

### VOLVENDO POL-OS HOMILDES

«Pifartos» é un escritor de moi pouca «chispa» que fai unha seución nomeada «Rimas prosaicas» n'un xornal da Cruña que se nomea católico e rexionalista.

Iste «Pifartos» non as pensa. Escribe versos ripiosos c'o a mesma inconscencia con que rabuña o gato. E eisi un día pon c'os seus chistes encabuzados ós dínos mestres d'escola; outro intenta molestare ás «Irmandades da Fala», outro a un alcalde... E agora aldraxa as modestas e coitadiñas bañistas aldeás que n'o uso d'un perfeuto dereito veñen a pasalo vran á Cruña e a deixar eiquí seus cartos.

As homildosas montañesas que cantou Noriega Varela, nos versos de «Pifartos» son ouxeto d'ofensas de xeito despreciable.

D'elas di, antr-outras cousas:

«Ya se marchan las «poubanas»,  
las «poubanas» ya se van.  
Son aquellas que iban siempre,  
por la calle, al caminar.  
agarradas de las manos,  
lentamente y a compás.  
Son aquellas que al rascarse  
la epidermis, con afán,  
se dejaban en los bancos  
donde se iban a sentar,

unas pulgas cual castañas  
de tamaño natural,  
dicho sea sin deseo  
de mentir ni exagerar.»

Isto é unha porcada, sinxelamente. E máis aínda: unha fallu de respeto ós leutores do xornal católico e rexionalista. O catolicismo eixe sentimentos caridosos. O rexionalismo impón a defensa das xentes aldeás, denantes que a de ninguén.

As pobres «poubanas» non teñen a obriga de sere cultas, xa que están orfas de todo insiño; de todo apoio, de toda axuda. As pobres «poubanas» por mor do señoritazgo das vilas, carne d'esclavitude caciquil, viven lonxe da cidadanía, acochadas nas brétemas de ñorancia, vítimas de todol-os deberes e alleas a todol-os dereitos. Elas son «pintorescas» nos lenzos dos pintores—¡oh Sotomayor!—pro despreciadas na vida. Pesi-a que c'o seu traballo sosteñen os villegos de credencial, librando da morte a per-osalidade de Galicia da que arrenegan os señoritos imbéciles, axionllados ós pes dos caciques, a cotío.

As pobres «poubanas»—que viven do suor de seu, sin podere abranguer unha eisistencia doada por falla de camiños

veciñás, estradas, granxas agrícolas, escolas, estabrecimento de creto, etc.—son as que deixan máis cartos na Cruña durante o vran. Son escravas do centralismo, que teñen por carceleiros ós señoritos andróxinos das vilas que zugan do favor canlizado.

«Pifartos» esquecese de que as formosas cántigas que agora veñen recollendo os co-ros enxebres que engayolan os nosos oubidos e o noso esprito fono feitas, fixadas, e conservadas, com'un tesouro da raza, por isas pobres «poubanas», dinas de fondo agarimo.

Nos, chamámol-a atención dos xornás de Lugo pra que sallan á defensa das peisanas de seu. Chamamos tamén a atención do «Centro lugués» da Cruña. Pra que todos axuden na protesta contra dos arrotos lírico-ripiosos do inconsciente «Pifartos».

As «poubanas» son mulleres galegas, mulleres merecentes de defensa, coma poucas. ¿Ou soio a cabaleirosidade háse de poñer ós pes das señoritas villegas?

As «poubanas» viudas de vivos, orfas da cidadanía, orfas de todo apoio político, son merecentes de que os novos Quixotes esnaquicen lanzas, volvendo por elas.



## Dous días na Cruña

SEI que fai falla, «ouh meiga cibdá da Cruña» sei que fai falla nacer con alentos de paxaro novo e ter un piquiño d'ouro tan ben temprado com'ô de Rosalía, Curros e Pondal, pra gabarte con chirlos tan gasalleiros com'ôs qu'estes reisñoles da nosa fala che cantaron. Inda eisí e todo, eu teño pra ti garimosas querencias, y-estas hei de decirchas, anque non vayan tan ben emperxiladas com'as dos poetas parleiros que tanta sona deronche de fidalga e hospitalaria.

Pr'eso non percisa collel-a lira: teño d'abondo con desgranal-o tesouro d'aqueles feiteiros cantares onde s'ensayaron os novos baibuceos da lengoa de Macías. Non percisa tampouco, como dín por ahí algú desleigados, pensar antes en linguaxe alleo e traducirche despóis o qu'eu sinto na nosa parla enxebre: bonda con deixarme guiar dos meus pensamentos e botal-os fora tal coma ll'os diuta a sua psicoloxía propia á tódol-os meus peisanos na terra e fora d'ela, cando rín, cando choran, cando sofren, cando cantan e cando s'esquencen sin podel-o remediar, d'as parlas postizas qu'aprenderon, pra lembrarse de que ô cabo son galegos e levan afincados nas entranas o carácter da terra onde nasceron.

¡Qué lle queres! Eisí é o mundo y-eisí nos fixo Deus á aqueles que tuvémol-a sorte de

ser arrulados n'este chan dos nosos amores. I-eu, nobre «cibdá da torre herculina» non podía ser d'outra maneira, anque quixera; e mais cando sinto rebulir no teu seo os alentos d'unha vida nova que s'estende xa á total-as aldeas e recolle no teu espírito tódal-as palpitaciós gurgullentas do sangue celta.

Chegóunos a hora, como lles chegou ôs pobos que queren ser grandes pol-os seus méretos própeos. Pensen outros o que queiran de tan nobres ardimentos, namentras nós apoupámol-o fogo qu'ha de tempral-o noso espírito individualista y-ha de volver en cinza a escorea de vellas rutinas, lastre-vergoñoso do porgueso rexional. Sigán outros,—ñorantes ou estresados,—co-a sua teima de sembrarnos de croyos o camiño, qu'a redención gallega levarase adiante o mesmo sin eles e inda contr'eles, hasta que se vexan, cando menos despercatense, envoltos e arrastrados pol-a corrente dos grandes ideales que naide se pode resistir des qu'estes foron consagrados pol-as novas xeneraciós coscentes do seu valer.

Ti, namentras, sigue abrindolle os brazos ôs que de todol os cantós gallegos veñen oxé a beber en ti a inspiración d'ese douma santo e patrióteco qu'é inda unha herexía pr'ôs porfanos e unha loucura pr'os duros de corazón. D'esa maneira, Galicia debere-

che moi presto o seu rescate, y-a España inteira, a grandeza que supón a unión d'estados porguesistas e federados n'unha soia patria.

ROXELIO RODRÍGUEZ DÍAZ.

Ourense, Setembro 23 de 1917.

XX

¿Non vos lembrades da folga que fixeran os estudantes da Escola Industrial de Vigo pra pidir que se desbotara d'ela ôs profesores sin competencia?

Aqueles rapaces, dinos de louba, querían un insiño «europeo»; querían sair das anlas en xeito do poderen gañarse a vida.

Entón foi, cando o goberno inda premiando a ineutidade con ascensos—sistema moi español—trasladou a Madrí a algú profesores.

Pro agora, os rapaces volven a doérense da falla d'interior satisfacción, xa que se lles impón de novo un catedrático c'o que rifaran: o Sr. Arnau.

O caciquismo trunfa outra vez. Outra vez o desasosego. O layo xordo.

E inda hai quenes falan de «renovación.» ¡Vaiche boa!

1) FOLLETON DE «A NOSA TERRA»

CERTAME DE «MARUXA»

### Ramón Cabanillas, poeta da raza

(APUNTES PRA UN ESTUDIO)

Lema: MARUXIÑA

Iste traballo foi gabado nos derradeiros Xogos Frorás de Santiago. O tema do mesmo asignáouno Luis Porteiro Garea, que deu coma recompensa un premio en metálico, entregado á caixa da «Irmandade da Fala» da Cruña.

Ao meiar o século XIX houbo na Galicia, como se ten por sabido, un glorioso rexurdimento literario, principalmente poético. Antre os creadores e manteñedores d'aquel rexurdimento figuraban Anón, Losada, Curros, Rosalía, Pondal, Lamas, Aureliano, J Pereira, García Ferreiro e algú máis. Era cando Cataluña escomenzaba o seu, do que, en certa maneira, foi o noso precursor. O de Cataluña, n'oustante, rindeu maiores froitos, quizais porque os fillos da patria de Verdaguer, decaçados dos berros de loita de Almirall, viron no idioma nativo a bandeira reivindicadora da propia persoalidade rexional. A y-alma colectiva de Cataluña afirmouse no seu idioma: e na cencia, no

arte, na literatura, (poesía e prosa), na relixión, no fogar, en todo, foise independizando da y-alma de Castela, pra xenerar valores autóctonos. Cataluña, eisí, chegou a recadar sua soberanía, redimíndose do histórico xugo forxado no pensamento alleo.

Galicia, en troques, por razóns mui abranguibres, bordeando os cauces da ideoloxía, colleu os camiños da poesía, e esquenciu os mais camiños, pra chegar ôs cumes da beleza por atallos cobregueantes, deixando na mentres que as calzadas reás e as estradas do chan por onde se fai o trafego a cotío, siguisen sendo tripadas pol-os pensamentos e as espresións de fora. Fono as da intimidade—no xardín dos escolleitos e na campía do traballo colonizado—as únecas voces libres. Pro os ecos da vida ordinaria, esbarando por riba da Galicia enxebre, que fixo do analfabetismo a arca de Noé onde salváronse as especies do noso ser coleutíoo, seguiron tendo coma meio d'espresión o lingüaxe da escravitude. Cantábase en galego, traballábase en galego, pro mandábase en castelán e estudábase en castelán. E como a vida non se compón soio de cántigas; como os homes cultos de Galicia—ô selo deixaban de sere galegos—non soupe-

ron inxertar sua cultura—unha cultura emprestada, estrana, ende mal imposta—no vello tronco da raza nutrido pol-a savia das cinco sextas partes da nosa terra que falan, sinten e pensan en galego, veu ô divorcio antre nosos inteleutuáes e a masa do pobo, xenerador d'esa brétima mesta tral-a que ficaron embarullados ¡Deus sabe pra canto tempol os lombos da fronteira portuguesa, onde a voz da Hestoria eisixía a realización d'hunhas transcendentes bodas. Galicia puido sere o pastor do rebaño ibérico, según a frase de Pondal; Galicia puido sere o no antre 30.000.000 de almas que falan un idioma somellante, e por seguire encadeada ô bárbaro influxo da hexemonia de Castela, trocouse n'un Xibraltar espiritual, á inversa, cen veces pior que o outro, perxudicando todol-os intreses de seu, sacrificándose a si mesma—díxoo ben Theófilo Braga—sin porveito pra ninguén. Fíxose escrava de Castela, da España irta e terrea, onde s'atopa esquirto inda que o non vexan quenes terían de velo, o *lasciate ogui speranza* pra o seu desenvolvemento económico, esnaquizando estérilmente sua libertá. E na escravitude, com'o elefante, xa non puido procrear. Seu enxebriismo culto confinado soio



## ¡Despertaí, enxebres!

A voz do rexurdir, fero clamor, coma a do trono, vai de serra en serra; quen ame a santa redención da terra apréstese a loitar ó é un treidor. «Libertad, Redención», e a voz de guerra, a leenda do que ha de ser trunfal pendón; «Redención, Libertad», Galicia berra. ¡Galego, escoita o belicoso son. Esperta, espile, sacude esa carraxe dormida en catro séculos de aldraxe. ¡Mira a larada que se fai n'Ourense; mira as fouces flamíxeras brilar; escravo do deber—¡non de outra xentel—érguete esta alborada pra loitar.

JULIO DIEZ MIRANDA.

Bôs Aires, San Xuan do 1917.

### OS TRABALLOS DA IRMANDADE

## VÍCTOR SAID ARMESTO

Noso querido irmán Francisco Tettamancy Gastón, como xa temos dito, imprentou a notabre conferencia que lëra na «Irmandade da Fala» da Cruña o facérese un auto de lembranza a Said Armesto no aniversario da súa morte.

Ao imprentala, añadiulle novos datos que veñen a darlle maior intrés. Resulta un traballo ameno, fondo, erudito, no que por riba de todo latexa un gran agarimo pr'ô pobre Víctor. Está ademais xeitosamente imprentado. E un folleto feituquiño que leva unha carta prólego do patriarca D. Manuel Murguía e un colofón do cultísimo segredario da Academia Galega, Sr. Carré Aldao.

C'o ista xa son dúas conferenciaa do curso da «Irmandade da Fala» da Cruña que se teñen imprentadas. A primeira foi o estudo do *Municipio galego* de Antonio Valcárcel que tantas gabanzas mereceu dos intelixentes. Agora a do incansabre divulgadore das nosas glorias Francisco Tettamancy, que é un dos historiógrafos máis fecundos de terra galega.

Victor Said Armesto non se pon á venda. E máis é lástema, porque pol-os méritos

que encerra, atoparía moitos mercadores. Todal-as persoas cultas de Galicia.

Nosa garimosa embora ô autore.

## Peneirando...

O Sr. Cea, loitador e culto xornalista catalán, no valente *Progreso* de Pontevedra, ven dándolle bilixerancia ô fúnebre *Apolo Serdán*.

Quere discutir con il seriamente. E coidamos trabucado seu desexo.

Máis ainda dende que *Apolo Serdán* falou de cuneiros. Isto é mental-a soga na casa do aforcado.

*Apolo Serdán* (Andrés A. Polo) é un canónigo da Catedral de Compostela, que veu de Salamanca, seu pobo, a deixar sin posto a un galego. E un dos *castelanizadores* do Cabildo santiagués, onde os nosos peisanos están en minoría.

¡Non oyéu falar Cea dos «opresores do clero galego?»

Pois deixese de discutire con *charros*.

Pr'ôs *charros* Cambó sempre terá de ser un perigo.

Porque si trunfan os ideás de Cataluña toda crás de caciquismos—civís, eclesiásticos, etc.—finaránse.

E entón Polo (máis Polo que Peyrolón, aínda) terá que ir a cantar máitís á Meseta.

Porque Galicia, d'aquela, será primeira-mente pr'ôs galegos. ¡N'é certo, Sr. Cea, que o pespunteador de marras non s'estrevería a falar en Cataluña como fala na nosa terra?

\*\*\*

Algús ilustres catalás desexan que a Exposición de arte galego, que na Cruña vai pecharse, seña levada a Barcelona.

Préganno con fondo intrés. E non soio desexan que se leven aló os cadros e as esculturas, senon que aínda queren máis: que algús galegos, con iste motivo, dian na capital de Cataluña conferencias sobre arte, literatura, lingua, economía, etc.

Coidamos que a Exposición galega en Barcelona tería de ser un grande éxito. Máis c'o compremento das conferencias. E c'os cantos do notabre coro *Cántigas da terra*.

As cousas de Galicia chegarían d'iste xeito, en trunfo, a toda España.

Sería a verdadeira afirmación da nosa personalidade. O reconecemento dos valores nacionalistas de Galicia.

Teñamos patriotismo. Chegou o momento d'amostralo.

\*\*\*

Os trens galegos, tan cativos, tan pobres, siguen chegando cando lles peta.

Ninguén fai caso das nosas protestas. Certo é que o bloque de deputados galegos fora un bloque de neve e dirríteuse c'a calore.

\*\*\*

Fálase de moitas cousas benéficas pra'a defensa nacional.

E ¡quén se lembra do ferrocarril da Costa? Xa veremos que fai o vizconde de Eza que quer sere un bô ministro de Fomento.

\*\*\*

A cotío recibimos adesiós novas pr'as «Irmandades da Fala». Recibímolos de rapaces de total-as aldeas e vilas galegas. Tamén de moitos compatriotas nosos que viven n'outras cidades de fora de Galicia e n'as Américas.

Pídennos instruciós. Xa se lles darán a todos.

O máis axiñoso é que vaimos conecéndonos e relacionándonos cantos galegos sentimos o momento histórico.

\*\*\*

Saiu do carce de Santiago noso quirido irmán, o gran poeta e entusiasta galeguista Victoriano Taibo.

Dimoslle unha forte aperta: unha aperta latexante d'agarimo.

E oxe saudamos a súa liberación dos ferros co iste berro: ¡Terra a nosa!

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS

BARRERA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

NOVO LIBRO

Da Terra

asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na adeministración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DÉ! —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**BALDOMIR**

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encontrar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

**Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**

DE

**Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

**FERROL****H. LA PALOMA**

DE

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastaría de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL**

Espeillos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

**Narciso F. Pereira**

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do

**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense na rúa da Franxa, 41

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

Prezo en terceira â Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.